

CAMIÑO DE SANTIAGO

Da 5ª etapa del camiño Francés

Entre Palas de Rey e Melide faremos un pequeno percorrido:



Comezando no Río Seco percorreremos aproximadamente 3 quilómetros hasta chegar a Melide.



En Disicabo cruzamos o río Seco pola ponte medieval da Magdalena, e por un camiño de terra entre pinos e eucaliptos chegamos a Furelos onde cruzamos o río Furelos por “a Ponte Vella” medieval con catro arcos de medio punto.

Podemos ver a igrexa parroquial de “San Juan” , preto dela houbo un hospital de pelegríns do que falan documentos do século XII.

Dende aquí dirixirémonos a vila de Melide, atopámonos aproximadamente na metade dunha das etapas do camiño cara a Santiago.

MELIDE:

Melide é a capital da comarca “Terra de Melide”. Por ela pasa o Camiño de Santiago. Ten unha poboación de uns 8000 habitantes.

Destacan entre os seus monumentos a Igrexa de Leboreiro do s.XIV, a Igrexa de Sta. María do s.XII, a ponte sobre o río Seco (Leboreiro) da época dos romanos, a ponte románica de Furelos do s.XII, a capela de San Roque en que a súa fachada principal foi construída coas pedras da antiga parroquial de San Pedro, tamén románica. Ao carón da capela de San Roque está o cruceiro de Melide, do S.XIV è o máis antigo de toda Galicia, segundo Castelao.

Dentro do casco antigo e histórico temos un conxunto monumental coa igrexa parroquial o Convento do “Sancti Spiritus”, fundado no século XIV, con sepulcros do XV e pinturas do XVI, ademais dun retablo barroco. Este conxunto tamén está formado pola capela barroca de San Antonio; ao seu carón o concello; e moi preto o antigo Hospital dos Pelegríns, hoxe Museo da Terra de Melide.

